



BASES DO II CONCURSO DE RELATOS BREVES

LETRAS GALEGAS 2011

As bases polas que se rexerá o II Concurso de relatos breves Letras Galegas 2011 son:

PRIMEIRA:

Poderán participar todas as persoas interesadas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.

SEGUNDA:

Establécense dúas categorías:

- Infantil: de 6 a 14 anos.
- Adultos: máis de 14 anos.

TERCEIRA:

Os relatos deberán ser orixinais e inéditos, estar escritos en lingua galega e presentarse en formato DIN A4, escritos a ordenador a dobre espazo, por unha soa cara, cun máximo de 5 folios de extensión.

CUARTA:

Valoraranse a orixinalidade, o desenvolvemento da temática, o estilo e a lingua.

QUINTA:

Aceptaranse como máximo tres relatos por participante. No caso de non presentarse un mínimo de tres relatos por categoría o xurado pode declarar esa categoría deserta.

SEXTA:

Os concursantes presentarán os seus relatos no Centro Cultural Fernando Casas e Novoa, de luns a venres de 09:00 a 13:00h e de 17:00 a 20:30h e os sábados de 10:00 a 13:00h, ou poderán envialos ao seguinte enderezo: Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oroso, Praza de Isaac Díaz Pardo nº 1, CP 15888 Sigüeiro-Oroso (A Coruña), indicando no sobre



Concurso de relatos breves Letras Galegas 2011, e tendo como data límite de presentación o 13 de maio de 2011.

SÉTIMA:

Cada relato levará un título, un pseudónimo que indique o autor e á categoría á que pertence (infantil ou adultos). Nun sobre pechado, xunto co pseudónimo e o título da obra escrito por fóra, o autor introducirá os seus datos persoais: nome e apelidos, idade, DNI, enderezo e teléfono de contacto, ademais dunha fotocopia do DNI.

OITAVA:

O día indicado pola organización coa antelación suficiente terá lugar un acto de entrega de premios, ao cal poderán asistir todos os participantes e o público en xeral.

NOVENA:

Os premios dos gañadores serán os seguintes:

- Categoría adultos:

Primeiro premio: 150 euros

Segundo premio: 75 euros

- Categoría infantil:

Primeiro premio: vale de 100 euros para gastar nunha librería

Segundo premio: lote de libros (valorado en 50 euros)

Ademais, os tres mellores relatos de cada categoría serán publicados na páxina web do concello: www.concellooroso.com.

O autor renuncia a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor, e os exemplares que entregue da súa obra quedarán en propiedade do Concello.

DÉCIMA:

A participación no concurso significa a aceptación destas bases.

A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nestas bases.



Así o dispoño, en Oroso o 5 de abril de 2011

O alcalde,

Manuel Mirás Franqueira